

LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO (LOE)

4.5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar a intención comunicativa, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.

Este criterio permite comprobar se o alumnado é quen de comprender textos expositivos, recollendo as ideas fundamentais en resumos e esquemas e diferenciando neles información, opinión e persuasión.

2. Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.

Este criterio permite comprobar se o alumnado é quen de comprender textos expositivos, publicitarios e argumentativos, recollendo as ideas fundamentais; diferenciando información, opinión e persuasión; e valorando a eficacia do texto en relación á intención comunicativa, así como o papel dos procedementos lingüísticos empregados para acadala.

3. Realizar exposicións orais planificadas de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas respectando as regras que as rexen.

Con este criterio preténdese comprobar cal é a capacidade do alumnado para expoñer oralmente temas de actualidade e traballos académicos seguindo un guión previamente elaborado.

4. Escribir textos propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións. Planificar e revisar os textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.

Con este criterio preténdese valorar se a redacción das producións do alumando se axusta ás propiedades textuais e se dominan as técnicas fundamentais da escrita. Tamén permitirá comprobar se se cuida a presentación -en especial aspectos como os índices, tipos de letra, gráficos, mapas conceptuais, citas e bibliografía- e se se aproveitan ferramentas como os dicionarios, buscadores de Internet, correctores ortográficos, procesadores de textos e outros programas informáticos.

5. Consultar de maneira autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións.

Este criterio permite valorar a capacidade do alumnado para usar os recursos e posibilidades das bibliotecas, así como os medios audiovisuais e as TIC

6. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.

Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais, se coñecen os mecanismos de cohesión, da adecuación, da coherencia e da gramaticalidade e a súa incorporación ás propias producións, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

7. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar a terminoloxía lingüística adecuada.

Este criterio permitirá saber se se inducen e asimilan as formas e as regras lingüísticas a través dos usos contextualizados e se se coñece e se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para seguir as explicacións e as actividades sobre a lingua que se realizan na aula.

8. Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega; extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Con este criterio avaliarase a comprensión das circunstancias que definen as diferentes etapas da historia social da lingua galega co fin de afirmala como propia de Galicia e entender mellor a súa situación actual.

9. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión argumentada sobre a lectura persoal dunha obra clásica da literatura contemporánea atendendo aos seus elementos estruturais e formais.

Este criterio está dirixido a avaliar a competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de obras completas contemporáneas.

10. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente á relación co contexto, ás innovacións e á funcionalidade dos recursos retóricos.

Con este criterio avalíase a comprensión e valoración de textos representativos do sistema literario (de distintos canons), enmarcándoos nun determinado momento en relación coa evolución das formas e motivos da escrita desde comezos do século XX.

11. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética; explicar as relacións das obras co contexto histórico e literario en que aparecen e os autores máis relevantes, realizando un traballo de información e de síntese ou de resolución de problemas.

Este criterio pretende comprobar se é comprendido o fenómeno literario como una actividade comunicativa estética nun contexto histórico determinado. Avaliarase a implicación en obradoiros literarios de (re)creación a partir dos textos lidos na aula e, asemade, a realización, en soporte papel ou dixital, dun traballo persoal de síntese.

4.7.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Tendo en conta que a aprendizaxe dunha lingua é un proceso continuo, nesta materia a avaliación tamén será continua. Haberá dous exames por avaliación (un por cada dúas unidades), un exame de comprensión lectora tamén por avaliación e un exame final. Igualmente avaliarase o traballo diario: os cadernos de aula, os traballos que periodicamente propoña o profesor, a participación, o interese por evitar prexuízos, o empeño en mellorar os usos lingüísticos, etc. Por suposto, partirase dunha proba inicial para poder ser obxectivos na cualificación da evolución do alumno.

Ademais avaliarase día a día o uso oral da lingua, se se emprega con corrección, se se incorpora o vocabulario adquirido, se se foxe de clichés, estereotipos e prexuízos, etc.

Tanto os exames de avaliación como o traballo diario do alumno e o uso oral da lingua servirán para verificar se se adquiriron as seguintes capacidades:

Identifica e comprende a estrutura fundamental de diferentes tipoloxías textuais, diferenciando os temas, subtemas, ideas principais e secundarias...

Intervén de xeito activo na realización e planificación de diferentes tipoloxías textuais con total autonomía.

Aplica os coñecementos de lingua para a realización coherente e cohesionada de textos propios.

Recoñece a evolución social e histórica da lingua galega nos séculos XX e XXI, descifrando o seu estatus actual.

Recoñece criticamente a lexislación e o marco xurídico existente en materia lingüística.

Comprende a diferenza entre bilingüismo, diglosia, plurilingüismo.

Analiza con corrección oracións simples e compostas.

Le e interpreta autonomamente diferentes textos e obras da nosa tradición literaria tanto do século XX como do XXI.

Intervén, aproveitando os conceptos asimilados, na propia creación literaria e advertir o aspecto lúdico que leva incorporado.

Recoñece os períodos, autores, correntes e obras máis sinalados da historia da literatura galega dos séculos XX e XXI.

Manexa con criterio e autonomía as TIC e diferentes fontes de información para a elaboración de distintos traballos ou a configuración de textos propios.

O exame final terano que realizar aqueles alumnos que non conseguisen os obxectivos propostos ao longo das tres avaliacións e teñan unha cualificación negativa en xuño. Opcionalmente poderán realizar o exame final aqueles alumnos que, tendo aprobado, desexen subir a cualificación final.

Aprobar os tres exames de comprensión lectora, un por avaliación e por obra de lectura obrigatoria, será condición **sine quae non** para aprobar a materia.

Se o alumno ten que examinarse en setembro hai que considerar que os exames de setembro son exames extraordinarios nos que o alumno debe demostrar que conseguiu os obxectivos que non logrou acadar ao longo do curso, por iso, aqueles alumnos que teñan que presentarse ás probas extraordinarias examínanse de **toda a materia**, tanto da parte *teórico-práctica*, que se pode estudar no libro de texto, como da parte *comprensión lectora*, que se prepara lendo os libros de lectura obrigatoria. De calquera xeito, contéplanse as seguintes excepcións:

Alumnos que suspendan a parte teórico-práctica e aproben os libros. En setembro NON farán o exame de libros de lectura (*comprensión lectora*), só realizarán a proba teórico-práctica.

Alumnos que suspendan a parte de comprensión lectora e aproben a parte teórico-práctica.

En setembro UNICAMENTE se examinarán dos libros de lectura (un, dous, ou os tres, segundo os que suspendesen).

Hai que lembrar que aprobar os libros de lectura, é condición indispensable -aínda que non a única- para aprobar a materia, polo tanto ningún alumno con libros pendentes poderá adquirir a cualificación de APROBADO

En todo caso, para superar a materia Lingua e Literatura Galega, hai que aprobar as dúas partes de que consta, ben en xuño, ben en setembro.

4.9.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Todo traballo realizado polo alumnado é avaliabile e a cualificación obtida por avaliación resultará de combinar todas as notas na seguinte proporción:

Exames de avaliación (dous por trimestre). A nota será unha media das dúas probas e representa o 80% da nota numérica da avaliación correspondente.

Traballos. Cada trimestre os alumnos terán que realizar un número determinado de traballos escritos ou orais que serán cualificados. A media resultante equivalerá ao 20% da nota numérica da avaliación correspondente.

Para acadar unha avaliación positiva, a nota mínima obtida da combinación anterior será de cinco (5).

A nota final do curso será a media das notas das tres avaliacións. Aqueles alumnos que obteñan unha nota final inferior a cinco (5) terán que realizar un exame final en xuño onde demostrarán que adquiriron as capacidades sinaladas nos apartados correspondentes.

Dos libros de lectura farase unha proba por avaliación. Para aprobar a materia é indispensable aprobar as obras de lectura. En caso de que estas probas se suspendan, haberá un único exame final de recuperación de lectura para aqueles alumnos que teñan algunha das tres probas cualificadas negativamente. Destacar que, independentemente da cualificación numérica, **é condición indispensable aprobar todas as obras de lectura obrigatoria**. De non facelo haberá que realizar os exames extraordinarios de setembro nos termos establecidos no apartado 4.7

Para os alumnos que teñan AC seguiranse os mesmos criterios, o que variará será o tipo de proba e traballos solicitados.

4.6.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

LIBROS DE LECTURA:

- Ler as tres obras de lectura obrigatoria e realización dos respectivos traballos, e/ou exames propostos.

PARTE TEÓRICO-PRÁCTICA

- O plurilingüismo. Saber definilo. Entendelo como enriquecemento individual e colectivo. Coñecer o Decreto do plurilingüismo para o ensino non universitario de Galicia.
- Lexislación que regula o uso das linguas oficiais. Coñecer os artigos da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia que recollen o uso das dúas linguas, castelán e galego.
- Variedades lingüísticas: sociais, situacionais e xeográficas. Variedade estándar. Entender os diferentes conceptos. Diferenciar entre norma, o estándar, e uso cotiá das linguas. Recoñecer as principais características das variantes xeográficas do galego (bloque occidental, central e oriental). Definir *gheada* e *seseo*.
- A frase. Tipos. Recoñecer as distintas frases que se poden encontrar na lingua: frases nominais,

adxectivas, adverbias, verbais, preposicionais e as funcións realizadas nesas estruturas: determinante, núcleo, modificador, relator, termo.

- A oración simple. Recoñecer as diferentes funcións sintácticas: suxeito, predicado e complementos.
- A oración composta (coordinación e subordinación). Recoñecer os principais nexos coordinantes e subordinantes. Recoñecer proposicións subordinadas e os seus nexos así como funcións que realizan na oración principal.
- Recoñecer as características dos textos argumentativos e expositivos. Elaborar textos propios que se adecúen a eses requerimentos.
- Irmandades da Fala. Que foron, cando se fundaron, que obxectivos perseguían, cales foron os seus logros.
- Xeración Nós. Trazos do Grupo Nós. Características da obra de Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo.
- Vangardas. Características xerais das vangardas europes (manifestos, *ismos* -Futurismo, Dadaísmo, Cubismo, Surrealismo, Creacionismo). Especificidades das vangardas galegas (Hilozoísmo, Neotrobadorismo). Manuel Antonio e Rafael Dieste.
- Poesía de posguerra. Celso Emilio Ferreiro, Luz Pozo, Méndez Ferrín. Características das tres xeracións que representan eses autores.
- Narrativa de posguerra. Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro.